

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2024*

Extracto das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024

BDNS (Identif.): 758448

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/758448>)

De conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024, cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios desta subvención as entidades sen ánimo de lucro con domicilio na provincia de Ourense.

Exclúense do obxecto desta convocatoria, e por conseguinte non poderán obter subvención ao seu abeiro, as seguintes actividades:

- As actividades culturais e recreativas que, malia reunir os requisitos definidos no apartado 2, teñan un orzamento inferior a 1.500 euros.

- A realización de actuacións escénicas ou musicais, incluídos os festivais ou certames relativos a este tipo de artes. A razón desta exclusión obedece a que estas actividades poderán ser obxecto de subvención a través das convocatorias anuais realizadas por esta deputación provincial para o fomento das actividades escénicas e musicais, no marco do Plan Tarazana.

Para estes efectos, nos supostos nos que as actividades recreativas ou culturais, cuxa subvención se solicite ao abeiro desta convocatoria, inclúan actuacións escénicas ou musicais, os solicitantes deberán excluír as ditas actividades do proxecto, podendo solicitar a correspondente subvención para as ditas actuacións a través da convocatoria correspondente para fomento de actividades escénicas e musicais.

- A realización de excursións ou viaxes culturais ou recreativas.

- Aquelas actividades realizadas polas ANPAS xa que se prevé unha convocatoria expresa para as solicitudes presentadas por estas entidades.





## Segundo. Obxecto:

A finalidade desta subvención é a de financiar proxectos de actividades culturais e/ou recreativas promovidos por entidades sen ánimo de lucro da provincia de Ourense e que se realicen durante o ano 2024.

## Terceiro. Bases reguladoras:

Acordo da Xunta de Goberno do 29 de abril de 2024, polo que se establecen as bases reguladoras e anunciase a convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024.

## Cuarto. Importe:

O importe da consignación prevista ascende a un total de 100.000,00 euros, con cargo á aplicación 33420/48900 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.

## Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP de Ourense, e finalizará o 10 de xuño de 2024 .

Deputación Provincial de Ourense, 2 de maio de 2024. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

**R. 1.180**

